

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

INSTRUCCIÓN 1/2011, do 12 de abril, para a aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG n.º 61, do 31 de marzo; corrección de erros DOG do 23 de abril de 2010) como indica a súa exposición de motivos, tivo como razón determinante a necesidade de dar unha resposta inmediata ás aspiracións básicas dos concellos en materia urbanística e ás inxerencias municipais xeradas pola situación do urbanismo en Galicia despois da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e a súa modificación posterior operada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, formalmente transmitidas á Xunta de Galicia mediante acordo unánime da Comisión Executiva da FEGAMP, adoptado o 20 de marzo de 2007.

A experiencia adquirida no breve período de vixencia da Lei 2/2010 permite abordar xa coas necesarias garantías os criterios de interpretación dos seus preceptos, a fin de resolver as dúbidas que se foron suscitando na súa aplicación práctica.

A este obxecto responde a presente instrución, que ten a natureza de instrución ou orde de servizo ditada ao amparo do disposto polo artigo 26.3.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia (DOG n.º 251, do 31 de decembro de 2010) polo que só é de obrigado cumprimento para os órganos e unidades administrativas deste departamento. Circunscríbese, en exclusiva, ao ámbito das súas competencias e ten por obxecto coordinar a actuación en materia de urbanismo dos órganos e unidades administrativas integradas nel, sen prexuízo das competencias que corresponda exercer a outros departamentos, organismos públicos ou á Administración municipal.

Aínda que esta instrución, de acordo co previsto no artigo 37.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, non ten os efectos propios dunha norma xurídica de natureza regulamentaria, en prol dunha maior transparencia na xestión administrativa e da seguranza xurídica considérase conveniente a súa publicación para que todos os interesados poidan coñecer os criterios que seguirá esta secretaría xeral no exercicio das súas competencias en materia urbanística, tras a entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo.

1. Aplicación da Lei 2/2010 ao planeamento en tramitación á súa entrada en vigor.

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2010 constitúe, xunto ás súas disposicións transitorias segunda e terceira, unha norma de dereito transitorio propio e específico desta lei de reforma que carece, por iso, de toda vocación de inserción na Lei 9/2002, e que resulta de aplicación independente das modificacións que a propia Lei de medidas urxentes introduce, pola súa vez, nas disposicións transitorias primeira, décimo primeira, décimo segunda e décimo terceira da Lei 9/2002.

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2010 regula a aplicación desta ao planeamento en trámite á data da súa entrada en vigor. E esta regulación lévaa a cabo con base en e con referencia ás tres situacións básicas en que poida atoparse nese momento o procedemento que se tramite: que careza de aprobación inicial; que conte xa con ela; ou que alcanzase a súa aprobación provisoria. Para todo o cal establece, pola súa vez, un réxime de dereito transitorio diferenciado segundo se trate de aplicar os preceptos da lei que establecen unha nova regulación do procedemento de aprobación dos plans, ou ben dos restantes preceptos da lei de reforma que afectan as determinacións e contidos deses mesmos plans.

1.1. Planeamento en trámite sen aprobación inicial.

1.1.1. Nesta disposición transitoria primeira pártese da base de que o procedemento de aprobación do plan comeza co acordo da súa aprobación inicial, e de que as actuacións anteriores a esa aprobación inicial corresponden a trámites dunha fase anterior, a da elaboración do planeamento.

O acordo de aprobación inicial é pois o fito que marca o tránsito entre a fase de elaboración do planeamento e a do procedemento da súa aprobación.

Entenderase que se o acto de aprobación inicial non se produciu, o procedemento de aprobación do planeamento nin tan sequera se iniciou, polo que os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á entrada en vigor da Lei 2/2010 deberán adaptarse plenamente a esa lei (disposición transitoria primeira, número 3).

1.1.2. Respecto da posibilidade de conservación de trámites relativos á súa avaliación ambiental, pertencentes agora á fase de formulación do planeamento, e que validamente se puidesen realizar con anterioridade á súa aprobación inicial, terase en conta que a regulación sobre avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento establecida pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio

e do litoral (DOG n.º 94, do 16 de maio de 2007) mantén a súa plena vixencia, tanto no concenrente aos supostos de suxeición a avaliación ambiental estratéxica como aos de innecesariedade dela (artigo 5); á determinación das administracións competentes (artigo 6); e ao seguimento (artigo 8), xa que a disposición derogatoria da Lei 2/2010 soamente afectou o seu artigo 7 (integración de procedementos).

Por iso, se con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2010, e antes da aprobación inicial dunha modificación puntual de PXOM, se declarou a innecesariedade de sometela a avaliación ambiental estratéxica, procederá conservar o devandito trámite. A resolución do órgano ambiental que a declarou substituirá e permitirá ter por evacuados, para todos os efectos, os trámites correlativos da súa avaliación ambiental previstos nos artigos 84 e 85 da Lei 2/2010; e circunscribir o trámite de consultas previsto no seu artigo 85.2 aos informes sectoriais das administracións públicas competentes.

En iguais termos se procedera para o caso de declararse a inviabilidade de sometemento dun plan xeral á súa avaliación ambiental estratéxica.

1.2. Planeamento en trámite con aprobación inicial.

1.2.1. Se á data de entrada en vigor da Lei 2/2010 o plan fose xa aprobado inicialmente, considérase que o procedemento de aprobación xa se iniciou con anterioridade á reforma e , xa que logo, a tramitación dese procedemento pode seguirse e ultimarse de acordo coas normas procedementais vixentes cando se iniciou; sen prexuízo do anterior, a lei lexítima tamén a opción de reiniciar o procedemento de acordo coa nova regulación establecida pola Lei 2/2010.

Pero tanto se se opta por seguir coa tramitación do plan conforme o disposto antes desta reforma como se se opta por acomodala á nova regulación do procedemento establecido pola Lei 2/2010, o contido e as determinacións do plan deberanse adaptar plenamente a esta última (disposición transitoria primeira, número 2).

1.2.2. A Lei 2/2010 reitera e fai súa a mesma regra de dereito transitorio prevista na disposición transitoria terceira da Lei 9/2002, dispoño que a simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas na propia Lei de reforma non implicará, por si só, a necesidade de sometelo a nova información pública, salvo cando se pretendan introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación, punto que será obxecto de informe da secretaría municipal (disposición transitoria primeira, número 2).

1.3. Plan en trámite con aprobación provisoria.

No suposto de plans aprobados provisoriamente antes da entrada en vigor da Lei 2/2010, esa lei de reforma non resultará de aplicación nin canto ao procedemento, que poderá seguirse e ultimarse de conformidade coa regulación anterior, nin canto ao contido e determinacións.

2. Memoria ambiental e aprobación provisoria do plan.

A aprobación provisoria constitúe o trámite específico no seo do procedemento administrativo de aprobación do plan, para asegurar a efectiva incorporación ao proxecto de todas aquelas determinacións que sexan consecuencia da dimensión ambiental que se deriven do contido da ordenación.

Estas determinacións recóllense, ao cabo, na memoria ambiental, o que, precisamente por iso, constará que foi efectivamente cumprida no acordo plenario de aprobación provisoria. A comprobación de que a aprobación provisional deu fiel cumprimento ao contido da memoria ambiental ten unha dimensión formal de gran alcance e por iso forma parte tamén da comprobación da integridade documental de expediente e das actuacións administrativas realizadas, tal e como se prevé na nova redacción dada pola Lei 2/2010 ao artigo 85.7.

En consecuencia, os acordos municipais plenarios de aprobación provisoria de plans xerais que non acheguen memoria ambiental ou, se for o caso, declaración de inviabilidade de sometemento ao trámite de avaliación ambiental estratéxica, non se entenderán susceptibles de basear a aprobación definitiva autonómica do plan.

3. Modificación pola Lei 2/2010 do réxime transitorio aplicable ao solo de núcleo rural do planeamento non adaptado.

3.1. Para os efectos da disposición transitoria primeira, entenderase por planeamento adaptado o aprobado de conformidade coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xa na súa redacción inicial xa na resultante das modificacións ulteriores operadas en virtude da Lei 15/2004, do 29 de decembro, da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, ou da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo.

3.2. Por definición, e fóra dos supostos específicos en que a Lei de reforma 2/2010 estende nominalmente a aplicación desta norma de dereito transitorio a elementos do pla-

neamento aprobados con posterioridade á Lei 9/2002 (delimitacións da área de expansión dos núcleos rurais aprobadas de conformidade con esta, e aplicación do réxime previsto no artigo 29.1. da Lei 2/2010 aos terreos delimitados como solo de núcleo rural de conformidade co previsto no artigo 13.2. da Lei 9/2002 na súa redacción anterior) os supostos de suxeición ao réxime previsto nesta disposición transitoria primeira son os do planeamento non adaptado á Lei 9/2002.

3.3. Na nova redacción dada pola Lei 2/2010 á alínea e) da disposición transitoria primeira da lei 9/2002 contéplanse, en todos os casos, terreos incluídos en ámbitos formalmente delimitados, incluíndo tanto as delimitacións incorporadas no plan xeral vixente adaptado á Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, como as delimitacións aprobadas ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, e as formalizadas en expedientes de delimitación de núcleo ao amparo das normas subsidiarias provinciais. Inclúense tamén as delimitacións aprobadas que comprendían zonas de influencia do núcleo alén do perímetro do núcleo propiamente dito.

Doutra banda, os expedientes de identificación de núcleo tramitados ao abeiro da disposición adicional 2ª da LOUG na súa redacción orixinal, manteñen a súa consideración como delimitacións de núcleo, séndolles de aplicación o establecido na alínea 5ª da disposición transitoria primeira 1.e) na súa condición de terreos delimitados como solo de núcleo rural de conformidade co previsto no artigo 13.2 da Lei 9/2002.

3.4. Área de influencia e área de tolerancia entenderanse aquí como conceptos sinónimos, xa que a terminoloxía utilizada no seu momento nas delimitacións formalizadas foi unha terminoloxía dispar e meramente convencional que non obedeceu a unha estrita denominación ou nomenclatura legal.

Por iso a Lei 2/2010 utiliza a expresión xenérica área de influencia, a fin de comprender todas esas heteroxéneas delimitacións aprobadas baixo a vixencia da lexislación anterior á Lei 9/2002, e que, por unha exixencia elemental de seguranza xurídica, incorpóranse pola Lei 2/2010 ao réxime previsto para o solo de núcleo rural nesta disposición transitoria, disposición que, así mesmo, resulta aplicable ás delimitacións da área de expansión realizadas ao amparo da Lei 9/2002 no plan xeral ou en delimitacións *ad hoc* aprobadas tras a entrada en vigor desta última.

3.5. Por delimitación formal, para os efectos deste número, entenderase non só a especificada na documentación gráfica do plan ou expediente *ad hoc*, senón que se considera que cumpre con este requisito cando estea determinada de forma incontrovertible mediante a fixación dunha largura dada a partir da liña perímetro do núcleo rural grafada en planos.

3.6. Cómpre subliñar que, a diferenza do réxime previsto para o solo rústico na alínea f) da mesma disposición transitoria primeira, o novo réxime urbanístico previsto na alínea e) serao sen prexuízo de respectar as maiores limitacións establecidas no plan correspondente, que resultarán sempre de aplicación aos ámbitos delimitados.

Enténdese que esas maiores limitacións referiranse aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, non ao réxime de dereitos e deberes dos propietarios ou propietarias, que será, en todo caso, o establecido no artigo 24 na redacción dada pola Lei 2/2010, polo que, no réxime establecido pola disposición transitoria primeira decae a prohibición de parcelar nas áreas de expansión, mesmo cando esta prohibición se tiver incorporado á normativa dos planeamentos xerais en concordancia co artigo 24.4 na súa redacción anterior.

3.7. O previsto nesta disposición transitoria non modifica a delimitación, a extensión nin o réxime regulador da franxa de terreos afectados pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, nos termos establecidos pola Lei de costas e a restante normativa básica de aplicación, incluído o seu réxime autorizadorio.

4. Modificación pola Lei 2/2010 do réxime transitorio aplicable ao solo rústico do planeamento non adaptado.

4.1. O suposto de suxeición ao disposto na alínea f) da disposición transitoria primeira da Lei 9/2002, na súa nova redacción dada pola Lei 2/2010, está constituído, exclusivamente, polo solo rústico de municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, para o que serán de aplicación os criterios interpretativos especificados no número 2.5 desta instrución, sen que resulte en ningún caso de aplicación no suposto de plans xerais aprobados ao abeiro da Lei 9/2002.

Porén, o novo réxime de distribución de competencias establecido tras a Lei 2/2010 resulta de aplicación inmediata polo que, e sen menoscabo da plena vixencia do réxime que o planeamento adaptado á Lei 9/2002 establece para o solo rústico do termo municipal respectivo, os supostos de suxeición dos usos previstos á autorización autonómica previa ou á licenza urbanística municipal sen necesidade desa previa autorización axustaranse directamente ao establecido ao respecto pola Lei 2/2010.

4.2. A alínea f) da disposición transitoria primeira da Lei 9/2002, na súa redacción anterior á Lei 2/2010, incluía un parágrafo específico en virtude do cal o réxime urbanístico previsto na devandita alínea para o solo non urbanizable ou rústico se aplicaríase “sen prexuízo das maiores limitacións establecidas no planeamento vixente”. Agora rexéitase a aplicabilidade das maiores limitacións que puidese incorporar no seu día o planeamento

non adaptado, ao derrogar ese parágrafo, mantendo, polo demais, o teor literal restante da anterior redacción.

En consecuencia, o réxime transitorio do solo rústico dos municipios con planeamento non adaptado á Lei 9/2002 será, directamente, o previsto na Lei 2/2010: o contido nos seus artigos 33 e seguintes tras a súa redacción dada pola Lei 2/2010, sen que resulten aplicables as maiores limitacións que, se for o caso, puidesen establecerse no planeamento vixente non adaptado, que resultan derogadas pola Lei 2/2010.

4.3. O previsto nesta disposición transitoria non modifica a delimitación, a extensión nin o réxime regulador da franxa de terreos afectados pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, nos termos establecidos pola Lei de costas e a restante normativa básica de aplicación, incluído o seu réxime autorizadorio.

5. Declaración de innecesiedade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual de Plan Xeral.

De declararse a innecesiedade de sometemento dunha modificación puntual de plan xeral de ordenación urbana á avaliación ambiental estratéxica, a resolución do órgano ambiental que a declare substituirá e permitirá ter por efectuados, para todos os efectos, os trámites previstos para o efecto da súa avaliación ambiental nos artigos 84 e 85 da Lei 2/2010, e circunscribir o trámite de consultas previsto no seu artigo 85.2 aos informes sectoriais das administracións públicas competentes.

6. O documento de inicio e os estudos do medio rural e do modelo de asentamento, e a descrición e avaliación do sistema de núcleos.

O contido do estudo do medio rural, do modelo de asentamento e a descrición e avaliación do sistema de núcleos, que incorporaran o documento de inicio de acordo co previsto na nova redacción dada ao artigo 84.4, non é equiparable ao requirido nos números 2 e 3 do artigo 61 ao determinar a documentación mínima en que se desenvolverán as determinacións do plan xeral de ordenación municipal.

Esa documentación do documento de inicio correspóndese coa fase de anteproxecto, mentres que a documentación requirida no artigo 61 é xa a relativa á fase integrada ulterior do proxecto, propiamente tal, do plan xeral, a cal, despois dos trámites oportunos, será presentada para a súa aprobación inicial, se procede, polo pleno da corporación.

7. Informe ou memoria de sustentabilidade económica do PXOM.

A inclusión entre a documentación que se conterà no plan xeral de ordenación municipal dun informe ou memoria de sustentabilidade económica que require a nova redacción do artigo 61.1. i) non se refire ao sostén económico das actuacións previstas no plan respectivo, senón á sustentabilidade económica das cargas que a planificación supoña para as facendas das administracións actuantes.

8. Delimitación de núcleos rurais na franxa de 200 metros desde o límite da beiramar.

A prohibición establecida no artigo 13.4. de ampliar a delimitación dos núcleos rurais nesa franxa da beiramar, aumentado a súa extensión superficial en calquera dos tres tipos básicos de núcleo, mantén idéntico sentido; mesmo desaparece tanto a noción como a posibilidade legal das áreas de expansión dos núcleos rurais delimitados.

9. Obras en edificacións tradicionais situadas en solo de núcleo rural.

De conformidade co previsto na alínea d) do artigo 25 da Lei 9/2002, nos núcleos rurais delimitados permitíanse, sen necesidade de cumprir todas as condicións exixidas polo seu artigo 29, obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria. Esta dispensa do cumprimento das condicións exixidas no artigo 29 foi derogada pola Lei 2/2010 ao dar nova redacción ao artigo 25.

Consecuentemente, as ditas obras estarán suxeitas ao réxime dos edificios fóra de ordenación previsto no art. 103 da lei de reforma. Para estes efectos terase en conta que:

–En casos xustificadas e de acordo coa Lei 2/2010, o plan xeral respectivo poderá determinar que poidan autorizarse obras de ampliación da superficie construída en edificios fóra de ordenación (artigo 103.3).

–De conformidade co previsto no artigo 29.3, o plan xeral poderá establecer, xustificadamente e con fundamento no estudo detallado e individualizado do núcleo, certas condicións de edificación distintas das fixadas no número 1 do artigo 29, significadamente as condicións de parcela mínima e altura máxima, respecto dalgún dos núcleos rurais histórico-tradicionais.

–As condicións de recuamento establecidas no artigo 29.1.f) unicamente son exixibles para as novas construcións que se levanten nos núcleos histórico-tradicionais, pero non así ás edificacións preexistentes nel.

10. Actuacións integrais no solo de núcleo rural.

No solo de núcleo rural non cabe a delimitación de áreas de repartición, que só se pre- vén na lei para o solo urbano non consolidado e urbanizable (art.111.1) e, puntualmente, para o solo rústico para os únicos efectos de obtención de sistemas xerais (art.166.3).

A noción de área de repartición non se corresponde coa das áreas dos núcleos rurais en que polo plan xeral [art. 56.1.e)] ou especial (72.1. parágrafo 2º) se prevexan actua- cións integrais.

Estas áreas de actuación integral, e da consecuente división poligonal que, se for o caso, se proxecte, no núcleo rural correspondente, substitúen as áreas de repartición pro- piamente ditas tamén para a determinación do 10% de cesión do aproveitamento lucrativo previsto no artigo 24.3. d), que, tratándose de solo rural, non será do solo en que se loca- lice o 10% do aproveitamento tipo da área de repartición, xa que nin se delimita esta nin se fixan aproveitamentos tipo, senón do solo correspondente ao 10% do aproveitamento urbanístico da área en que se prevexa a correspondente actuación de carácter integral no núcleo rural.

11. Plans especiais de ordenación do núcleo rural de contido limitado.

No caso dos PONR que, de acordo co previsto na nova redacción do artigo 72.2, teñan un contido limitado e se redacten coa finalidade exclusiva de completar o trazado de rede viaria e aliñacións, ou para asegurar a existencia de redes de dotación de servizos suficien- tes, a súa tramitación axustarase (artigo 87.5) á dos estudos de detalle prevista no artigo 86.2 da lei.

12. Concentracións parcelarias en núcleos rurais.

A nova redacción do artigo 72.4 encomenda aos PONR a reordenación dos núcleos rurais situados dentro do perímetro dunha zona de concentración parcelaria.

Non obstante a dicción literal do precepto, que podería dar pé a interpretar que esa tarefa se encomenda en exclusiva ao PONR, considérase máis acorde coa finalidade da norma reservar ao PONR a ordenación detallada do núcleo e manter a habilitación legal ao plan xeral de ordenación municipal para establecer a súa ordenación global, tal e como se recolle na nova redacción dada pola Lei 2/2010 ao artigo 56.2.

13. Avaliación ambiental estratéxica dos plans de ordenación de núcleo rural.

Aínda que na nova redacción dada ao artigo 87 non se fai unha previsión específica respecto da tramitación que se seguirá, se for o caso, para a avaliación ambiental estratéxica dos PONR, é indiscutible a súa natureza de plans especiais e, por tanto, a aplicación aos PONR das previsións establecidas, con carácter xeral no artigo 86.1.g da LOUG para todos os plans especiais.

14. Compatibilidade de instalacións destinadas á produción agrícola en solo de núcleo rural.

O artigo 28.1.e) na redacción dada pola Lei 2/2010 establece, en calquera dos tres tipos básicos de núcleo rural, a prohibición expresa de novas instalacións destinadas á produción gandeira, por resultaren actuacións incompatibles.

Tal prohibición, polo seu propio carácter, non é susceptible de interpretación extensiva, polo que non pode ampliarse ás novas instalacións destinadas á produción agrícola, sen prexuízo das limitacións establecidas no art. 28.2 c).

15. Montes veciñais en man común e solo rústico de protección forestal.

Os montes veciñais en man común deixan de estar, polo só feito da súa catalogación como tales, suxeitos á clasificación de solo rústico de especial protección forestal, de acordo coa nova redacción do artigo 32.2.b) na Lei 2/2010, que define dentro das categorías de solo rústico o solo de especial protección forestal.

No entanto, se en todo ou en parte do perímetro catalogado como monte veciñal en man común concorre algún dos supostos establecidos no art. 32.2, procederá a súa clasificación como solo rústico de especial protección, nunha ou varias categorías nos termos do artigo 32.3.

16. Usos permitidos e autorizados en solo rústico de protección forestal.

Na nova redacción dada ao artigo 37, o uso previsto no art. 33.1.e) da Lei 9/2002, relativo a construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do contorno onde se sitúen, establécese, á vez, como un uso permitido por licenza municipal directa e como uso autorizable pola Comunidade Autónoma. Trátase dun erro evidente, que pode salvarse considerando que se trata dun uso que require de autorización urbanística previa á intervención municipal de licenza.

17. O uso de turismo rural como potenciador do medio.

En relación á definición contida no artigo 33.2.e) da LOUG como uso de “construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen”, e para os efectos de decidir o seu carácter de potenciador do medio, a resolución sobre a autorización autonómica terá en conta os informes dos departamentos autonómicos con competencias en materia de turismo e desenvolvemento comarcal, así como, cando for caso, dos que tutelen os especiais valores do solo rústico onde se pretenda implantar a actividade turística.

18. Innecesariedade de autorización autonómica para dotacións e equipamentos recollidos en Plans Especiais previstos no artigo 33.2 g).

A nova redacción dada pola Lei 2/2010 ao artigo 34.4 establece de maneira explícita que as dotacións e equipamentos, públicos ou privados, permitidos no art. 33.2. g) en solo rústico mediante a aprobación dun plan especial de dotacións dos regulados no art. 71, non requiren autorización autonómica previa, calquera que for a categoría de solo rústico, sen prexuízo dos casos de resultar un uso prohibido (solo rústico de protección de infraestruturas, das augas, das costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural).

19. Solo rústico de protección das costas.

O previsto na nova redacción dada pola Lei 2/2010 ao artigo 38, relativo aos solos rústicos de protección das augas, as costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural, non modifica a delimitación, a extensión nin o réxime regulador da franxa de terreos estreiros co dominio público marítimo-terrestre e afectados pola servidume de protección nos termos establecidos pola Lei de costas e a restante normativa básica de aplicación, incluído o seu réxime autorizadorio.

20. Acceso rodado de uso público como condición xeral das edificacións en solo rústico.

A expresión acceso rodado de uso público que se recolle na nova redacción do artigo 42.1. a) entenderase que é unha expresión de alcance máis amplo que a de acceso rodado público que se recollía na redacción orixinaria da lei. O requisito de acceso rodado de uso público non exige da titularidade pública do terreo de acceso, senón o seu libre acceso ao uso público.

21. Ampliación de cemiterios.

A ocupación do 100% da parcela que habilita a nova redacción do artigo 42.1.c) para a ampliación de cemiterios é excluyente, de por si, das condicións de posición previstas a súa

alínea d) e, máis especificamente, das de recuamento e mantemento do estado natural dos terreos polo menos na metade da superficie da parcela.

22. obras de derruba derivadas de expedientes de reposición da legalidade.

O art. 42.2 LOUG, relativo ás condicións xerais das edificacións no solo rústico, manteñen inalterado o seu teor literal tras a reforma de 2010, conforme o cal ás obras de derruba que se pretendan realizar en solo rústico seralles aplicable o disposto no art. 26 desta lei.

Neste último precepto introduciuse pola Lei 2/2010 unha nova alínea d) que exclúe da prohibición de obras de demolición de construcións existentes no solo de núcleo rural as derivadas dun expediente de reposición da legalidade urbanística, evitando a inviabilidade das medidas de restauración da legalidade urbanística infrinxida, que, ao quedaren fóra dos tres supostos de excepción delimitados polo número 1 deste artigo 26 con anterioridade á reforma operada pola Lei 2/2010, puidesen entenderse prohibidas.

23. Válidez do recoñecemento administrativo de explotacións agropecuarias.

O previsto na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, na redacción dada pola Lei 2/2010, relativa a explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes, entenderase sen prexuízo da plena validez do recoñecemento administrativo de explotacións agropecuarias que tivese lugar con anterioridade, de acordo co réxime legal previsto na redacción anterior desta disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

24. Actividades mineiras e establecementos de beneficio vinculados.

O réxime transitorio aplicable ás explotacións mineiras existentes recollido na disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, despois modulado pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, foi obxecto dunha profunda modificación en virtude da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

De acordo coa nova redacción dada pola Lei 2/2010 a esta disposición transitoria décimo segunda, requírese a preexistencia en activo, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, das explotacións mineiras e das actividades extractivas de recursos minerais, para continuar a actividade, nos ámbitos para os cales dispoñen de licenza urbanística municipal, ou para obtela, de acordo co previsto nesta disposición transitoria, se carecen dela, e están localizadas en solo rústico de protección ordinaria e de especial protección forestal ou das augas.

Polo que respecta aos establecementos de beneficio vinculados ás explotacións mineiras, bastará coa preexistencia en activo con anterioridade á Lei 9/2002 da explotación mineira a que atenda o establecemento de beneficio para que este poida continuar a actividade, nos ámbitos para os cales dispoñen de licenza urbanística municipal, ou para obtela de acordo co previsto nesta disposición transitoria, se carece dela, e está localizado en solo rústico de protección ordinaria ou de especial protección forestal ou das augas.

A nova redacción dada ao artigo 37 recolle o uso previsto no art. 33.2.k) da Lei 9/2002 como un dos autorizables en solo rústico de protección ordinaria e en solo rústico de especial protección agrícola e forestal.

Non obstante, na disposición transitoria 12^a, na súa derradeira alínea, só se autorizan estes usos en solo rústico de protección ordinaria e en solo rústico de especial protección forestal “segundo o disposto polos artigos 36 e 37 desta lei”. Ora ben, nestes artigos o uso mineiro permítese tamén no solo rústico de especial protección agrícola, polo que debe entenderse autorizable tamén nesta categoría de solo.

25. Prórroga de licenzas.

A reforma pola Lei 2/2010 do artigo 197.2 permite aos concellos concederen prórroga dos prazos das licenzas, por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo de solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, e sen requirir ningún outro requisito suplementario, suprimindo a limitación anterior que requiría, ademais, que a licenza outorgada resultase conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

Tampouco resultan aplicables as limitacións previstas no artigo 19 do Regulamento de disciplina urbanística aprobado polo Decreto 2/1999, do 21 de xaneiro (DOG n.º 32, do 17 de febreiro) que a prohíbe se non transcorreu cando menos a metade do prazo inicialmente fixado (artigo 19.3), senón está realizada a cobertura de augas do edificio (artigo 19.5), ou que a limita á metade do prazo inicialmente concedido (19.2), dado que contradín o réxime establecido na lei.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011.

María Encarnación Rivas Díaz
Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo